MÁIS ALÁ DO ECUADOR

Cando abrimos o libro de Henri Michaux procedente do catálogo dunha galería de Barcelona achamos pinturas que non poderiamos ver “ailleurs”. Si, quizais, nalgún museo francés pero para elo teriamos que trasladarnos até o Hexagone. Á espera desa viaxe a París, tal vez, de volta, experimentamos a visualización da obra pictórica de Michaux en papel, neste artefacto. Cores escuras, figuras que só se entrevén e todo un achazgo de impresións que recibimos a través dos nosos ollos aínda non atrofiados.

Ten que ver a viaxe a Ecuador (libro homónimo) e os seus “postos” dalgún fungo (alucinóxeno) para entender a construcción destos lenzos. Tamén a mescalina... pero este non é o tema. Os seus cadros, representantes do Expresionismo achéganse ao surrealismo nacente. Finais dos anos 20 até os 80 década en que morre. Non é coñecido como expoñente do Movemento Surrealista xa que André Breton (e algún máis) acapara todo o terreo. É aquí, nos subterfuxios onde abrazamos a Michaux. O subterfuxio do subterfuxio; nunha aperta que o transforma todo.

Volverse tolo cando pinta pode ser a consigna e volverse cordo ao rematar de pintar. Nese xogo atopamos a Henri. A viaxe a América, dicía, o “deserto do bosque tropical” e unha andadura polo océano e os ríos (navegábeis). Miras un lenzo e dis: Irrealidade!. Porque atravesar a figuración estricta levou a Pintura do outro lado. E desde esa beira Henri propón un árido e fecundo paseo pola súa man creadora que reifica todo o que imaxina. Case todos SANS TITRE (agás a serie Movement, que se aproxima as formas alfabéticas de Asia) estos lenzos son a fantasía pura dunha mente por momentos “desfigurada” que pon o inconsciente e a emoción por riba das palabras.

Linguaxe pictórica que tamén é naif: acuarelas psicodélicas nas que se derreten os pigmentos, intentando, nós, albiscar algunha forma e así achegándonos ás “formas verdadeiras” platónicas para nunca atopa-las. Así se desintegran, así se asfixian, e deconstruída a xeometría aparece a “non-esencia”, aquela que se destrúe a si mesma. Porque esto é un exercicio de descomposición mental. A erosión do pensamento como proposta visual. Da mente á man (da man á mente) e así até o final.

As cores escuras nas que predomina o negro guían a composición por segmentos nos que os círculos son substanciais (tamén as pseudoespirais). Os acrílicos sobre papel e o óleo sobre tea están protagonizados por esa cor “chave”. Círculos e liñas, firmes e oblícuas. Posicións extremas e reviravoltas. Como se todo fose unha danza. Danzan as formas, danzas as cores. Danza o pincel. E Michaux pode, nunha cadeira, descansar tranquilo porque aquí estamos nós, desnaquizando a súa obra...

A DECADENCIA DA NON-DECADENCIA

Que pode ser máis romántico que unha canción do sr. Chinarro? Algo así como ler as liñas das mans nun acto epifánico que una as nosas palmas. Poderemos compartir un "gouter" que tería que ser partido en dous. E aínda que as mazás non estean verdes botaremos as mondas ao cubo do orgánico que poden ser comidas polo asno. Que asno-dicías- Ese, ese! E eu sinalaba ao asno que comía mentres lle daba con alegría ao rabo. Xa case era de noite pero viamos toda a escena. Tal que ese asno estivera na plaza de españa. E con todo, para que non houbera tanta escuridade necesitariamos un foco. Pero non estabamos rodando... Podería chamarse Babieca; é un bonito nome para un animal...

Animais que teñen as mans entrelazadas como se for o acto de amor máis importante. Xuntamos actos amorosos e mazás nun cesto. Porque é a época. Tamén a dos cogumelos. Polo cambio climático, din, están en perigo de desaparecer. Unha viaxe interna, psicodélica pode ser a solución. A solución a unha falta de reseteo... a viaxe ficaría ancorada nunha especie de adn espiritual. Saír ao monte é a cura. A grande cura. O remedio. A miragre.

E antonio luque segue a escribir cancións despois de máis de vinte anos. Quizais boto en falta a cadencia (decadencia) das súas primeiras composicións e esa delicadeza especial. A lentitude. Quizais agora vai demasiado acelerado, quizais cara ningures. Ou é que quere ir de volta a algún lugar do pasado? O monte e uns billetes de tren poden ser o grande éxito (máis que calquera disco, máis que calquera artigo). Disminuíndo a presión e achando un ponto de equilibrio que nos conduce de novo a nós.

Porque coa música e a voz do sr. Chinarro podería abrirse un tercer ollo, ou unha discoteca! Que sería máis divertido? Recompoñernos das dúbidas dos camiños sen saída porque para iso xa temos a entrada. Botarían a antonio dalgunha discoteca? Parece un ser sociábel e bondadoso. Un bo tipo. Ten un campo semántico extraordinario e sabe proxectar a voz pero si, vai agora demasiado acelerado.

Os corpos piden desaceleración, co paso do tempo. Pero mantemos a nosa mente instalada no punk. Así o dicía antonio na entrevista audiovisual coa RdL. O punk da súa adolescencia e postadolescencia en Sevilla (el é do betis), que nunca abandonaría. Cuestión de actitude “DIY”. Acelerar os corpos en discotecas pode ser outra solución, sempre e cando teñamos 24-48 horas para un repouso posterior.